

Peto de ánimas de Famelga



Descrición

Ten forma de edícula ou templete.

Corpo posterior: É un bloque prismático no que se abre na súa parte superior o nicho, na base de este, sobresaen unha repisa moldurada.

Corpo anterior: Consta de dúas columnas octogonais que arrancan e rematan en sección cuadrangular, que soportan un frontal con inscricións. Ten unha cuberta de lousas a dúas augas.

Remate: No cumio, un pedestal prismático con moldura que soporta unha cruz de sección cadrada. A ámbolos dous lados do pedestal e no cumio posterior érguense pináculos.

Retábulo: Na parte superior, a Virxe do Carmen sobre nube, á súa esquerda San Antón e a súa dereita San Francisco con cruz na man esquerda. Ambos sobre peañas. Na parte inferior, sete ánimas no purgatorio. Este retábulo está construído en madeira policromada.

Data de colocación: 1825.

Nome do autor: Francisco Vidal.

Propiedade: Pública.

Adscrición cultural

Contemporánea

Tipoloxía

Peto de ánimas

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Augasantas

Lugar

Famelga

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 543574 Y: 4699697

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.471660 O

Latitude: 42.446451 N

